



Concello de Sarria

A Orde SND/399/2020, do 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 1 do Plan para a transición cara a unha nova normalidade prevé, no seu artigo 23, as condicións para a reapertura ao público das instalacións deportivas ao aire libre, polo que a área de Deportes do concello acordou a apertura das pistas de tenis, pádel e baloncesto conforme as seguintes normas:

1º.- As pistas exteriores de tenis, pádel e baloncesto individual poderán ser utilizadas a partir do xoves, 14 de maio en horario de nove da mañá a once da noite, previa reserva no número de teléfono 638 067101*. Facilitaranse nome e apelidos; NIF e teléfono de contacto.

2º.- Cada reserva dará dereito á utilización da pista durante unha hora e media. Teredes que ser escrupulosos co tempo, xa que despois de cada uso procederase á desinfección das instalacións por operarios municipais para que poidan acceder os seguintes usuarios.

3º.- Colocaranse xeles hidroalcohólicos nas inmediacións do acceso á pista, e o seu uso é obrigatorio antes de entrar.

4º.- Respecto ao baloncesto, a pista divídese á metade, co que haberá dous deportistas á vez en pista, utilizando cada un unha canastra, sen que poidan interactuar entre eles, sendo obrigatorio o mantemento da distancia de dous metros entre ambos; cada deportista ten que levar a súa propia pelota e está terminantemente prohibido facer mates ou colgarse do aro.

*A reserva de pista poderá efectuarse no número indicado en horario de nove a unha a partir do mércores, 13 de maio.

Concello de Sarria